

Unha iniciativa orixinal para que os nenos aprendan a adorar a Xesús na Eucaristía

Unha iniciativa xurdida en Vigo achega a adoración eucarística aos máis pequenos para axudarlles a comezar a rezar e a cultivar a relación con Deus dende a infancia. Pouco a pouco esta idea vai medrando nas parroquias da cidade. Lara e Ségolène son dúas amigas que iniciaron a primeira adoración eucarística organizada para nenos.

06-06-2024

Lara é cooperadora do Opus Dei e conta como naceu esta iniciativa... dunha confusión: “Asistí un día con mi bebé a la Adoración Perpetua en una iglesia de Vigo y aunque mi hijo no paró de corretear me sorprendió que nadie me llamó la atención.

Únicamente al marcharme un viejecito se acercó y me dijo: “tienes que hacer algo así para los niños” y yo pensé ¡uff, no estoy para estas!”.

Pouco tempo despois, volveu cos seus cinco fillos pequenos, de 1, 5, 8 anos e dúas nenas xemelgas de 9 anos. Ao marchar pensou que se portaron bastante ben e que ata rezaran algo. Unha vez máis, di Lara, o vello díxolle que tiñan que facer algo polos nenos así que, nunha reunión de amigos, Ségolène, supernumeraria do Opus Dei, falou da iniciativa 24

horas co Señor. Ela escollera un momento no que estaría acompañando a Xesús na custodia e invitou a Lara a adorar cos nenos durante ese tempo. Pero Lara entendeu que a proposta era que organizara unha adoración dunha hora para os nenos, e así saíu a iniciativa... por unha confusión.

Ao ver que os nenos se portaban ben e estaban contentos, decidiron ofrecerllo a distintas parroquias unha vez cada dous meses. Ata o momento abarcou case unha ducia.

Tamén asisten os pais dos nenos, algúns dos cales viven por primeira vez a adoración eucarística e se suman ás oracións dos seus fillos. Ao remate organízase unha merenda, onde todos xogan e gozan. É unha boa oportunidade para ver máis nenos coma eles que tamén rezan e xogan e así non se senten tan sós en algo así como a fe.

“Yo sabía que en Francia existía la iniciativa -comenta Ségolène-, pero solo la conocía de nombre y cuando mi parroquia se apuntó a las 24 horas con el Señor, que es una iniciativa del Papa, hace ya un año durante la Cuaresma, le dije a Lara que teníamos que montar una adoración infantil”. Non sabían se acudirían máis nenos que os seus, pensaron que aínda que só houbera cinco ou seis nenos, xa serían algúns nenos que adorarían ao Señor.

A iniciativa foi un éxito, encheuse de nenos. Colocaron unha alfombra no chan cuns coxíns e participaron uns 30 nenos. Peregrinan por todas as parroquias, vendendo a idea como produto misionero e presentando a iniciativa de adoración infantil. Cada dous meses fan esa primeira convocatoria e despois cada parroquia acolle o proxecto e establece os seus tempos.

Pais que educan na piedade

Unha das persoas que quixo levar esta idea a outros lugares é Génesis Vian, unha nai moi nova e recentemente convertida ao catolicismo. Namorouse da idea e coa axuda do párroco e doutros catequistas organizan esta adoración infantil dunha hora, todos os primeiros xoves de mes, na igrexa da Nosa Señora da Paz.

“A mí -dí Génesis- me deslumbra ver cómo Jesús se las ingenia para hacernos más fácil ganar el Cielo y cada primer jueves de mes que vamos con los niños a adorarle, pienso que estamos ganando un pedacito de Cielo. Durante la adoración los niños tienen la oportunidad de expresar su cariño de diferentes maneras: cantando, leyendo unas oraciones, escribiendo una carta o un dibujo a Jesús. Cada uno lo vive a su manera y al ver que

están allí, sin tablets, sin televisión y sin móviles, y a la vez rezando y contentos, me llena el alma”.

Os pais que levan aos seus fillos a esta oración preocúpanse para que teñan unha vida responsable, que estuden e teñan un futuro profesional, pero todo iso sen deixar de lado o crecemento na súa vida interior e na súa relación con Deus. “Tenemos que enseñarles a rezar y a tener una vida interior, y eso se hace en todas las etapas de la vida, empezando desde pequeños. Como decía san Josemaría, los padres son el mejor medio del que se sirve Dios, para educar a vuestros hijos en la vida de piedad, como por ejemplo con las oraciones vocales”, salienta Génesis.

pdf | document generated
automatically from [https://
dev.opusdei.org/gl-es/article/unha-
iniciativa-orixinal-para-que-os-nenos-
aprendan-a-adorar-a-xesus-na-
eucaristia/](https://dev.opusdei.org/gl-es/article/unha-iniciativa-orixinal-para-que-os-nenos-aprendan-a-adorar-a-xesus-na-eucaristia/) (06-08-2025)